



Xornada Mundial polo Traballo Decente 7 de outubro de 2022

Manifesto da iniciativa Igrexa polo Traballo Decente

“Sen compromiso non hai traballo decente”

Un ano máis, as organizacións que formamos a iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD) **convocamos á Xornada Mundial polo Traballo Decente para celebrar e reivindicar o traballo como dereito e actividade para o coidado das persoas, do ben común e do planeta.**

Os últimos avances no mundo do traballo, froito da negociación e o acordo social, supuxeron políticas concretas que, seguindo as orientacións da OIT, atenden a unha recuperación centrada nas persoas e no traballo decente. Aínda que a senda iniciada é positiva, aínda quedan demasiadas situacións de vulnerabilidade de dereitos vinculados ao traballo no noso país. O teu compromiso e o dos que son sensibles a estas situacións, son unha resposta necesaria para un emprego de calidade.

I.- Hai millóns de persoas traballadoras que seguen sen poder acceder a un traballo decente. **O alto paro estrutural esixenos traballar pola creación de emprego para garantir o dereito ao traballo.** As condicións de traballo seguen sendo de carácter **precario** para miles de persoas traballadoras, **fundamentalmente para as mulleres e para as persoas mozas.** É necesario seguir vixiando e regulando as condicións laborais para que estas sexan decentes. Un compromiso que deben fortalecer, cada un desde a súa responsabilidade e a súa misión, o goberno e os axentes socioeconómicos, nun contexto inflacionista de subida de prezos que non poden soportar os salarios das persoas traballadoras.

II. Neste senso, apoiamos a proposta do papa Francisco de **estudar a redución da xornada laboral** (sen que iso redunde en baixada salarial) como medida de creación de traballo decente; e consideramos que debe **aflorar o traballo que se desenvolva no ámbito dos coidados e converterse xa, en traballo decente.** Ademais, mentres non se garanta o dereito a un traballo decente, necesítase **articular redes de solidariedade máis áxiles e accesibles que permitan asegurar, fronte ao descarte e a exclusión, un mínimo imprescindible para a vida digna.**

III. Así mesmo, para garantir o acceso a un traballo decente de medio millón de traballadores e traballadoras migrantes en situación administrativa irregular, desde **ITD sumámonos á ILP** (Iniciativa Lexislativa Popular) promovida pola plataforma **#Regularización XA** que, independentemente dos avances incluídos na recente reforma do regulamento de estranxeiría, entende que é urxente unha regularización nos termos máis amplos posibles.

IV. É un escándalo que dúas persoas traballadoras morran todos os días no noso país, como resultado de non garantir a seguridade e saúde no traballo. **O traballo non é para a morte, senón para a vida** e, polo tanto, resúltanos inaprazable que este tema se incorpore á axenda política, **aténdanse as causas que provocan esta “traxedia tan estendida”, en palabras do papa Francisco, e búsquense solucións a este drama de tantas familias traballadoras, que se pode evitar.**

Finalmente, como dicimos no lema deste ano, **sen homes e mulleres comprometidas, non será posible o traballo decente.** Por iso, convocamos e animamos a movernos polo traballo decente nesta Xornada Mundial, a participar nos actos reivindicativos e celebrativos en todas as prazas e parroquias das dioceses, na súa organización e difusión. **Que esta toma de conciencia se vaia convertendo en compromiso diario polo traballo decente.**